

CONTRIBUCIÓN Ó COÑECEMENTO DALGUNHAS ESPECIES DO XÉNERO *HELVELLA* L.: Fr. EN GALICIA

por
A. PAZ*

Resumo

Neste traballo descríbense un total de 10 especies, pertencentes o xénero *Helvella* L.: Fr. Destacamos polo seu interese: *H. costifera* Nannf. e *H. spadicea* (Pers.: Fr.) Schaeff., propias de solos básicos, non coñecidas anteriormente para Galicia.

Palabras clave: Ascomycotina, Pezizales, Helvellaceae, *Helvella*, Galicia

Summary

Ten species of genus *Helvella* L.: Fr. are described in this paper. The most interesting are *H. costifera* Nannf. and *H. spadicea* (Pers.: Fr.) Schaeff., wich live in basic soils and were not collected before in Galicia.

Keywords: Ascomycotina, Pezizales, Helvellaceae, *Helvella*, Galicia.

INTRODUCCIÓN

As especies do xénero *Helvella* desenvolven un corpo frutífero cun pé de lonxitude variable, liso (subxénero *Leptopodia*, *Macrocyphus*, *Macropodia*, *Cyathipodia*) ou ben asurcado lonxitudinalmente (subxénero *Acetabula*, *Paxina*). O apotecio é irregular, en forma de sela de montar, lobulado ou en copa e ten unha superficie externa lisa ou aveludada. As frutificacións saen na primavera e, nalgún caso, a principios do outono, medran illadas ou gregarias, en diferentes hábitats.

É un xénero da familia Helvellaceae, do que atopamos moi poucas referencias

monográficas, a pesar do elevado interés deste grupo de ascomicetos. Na actualidade, algúns autores consideran que *Cyathipodia* e *Leptopodia*, son subxéneros do xénero *Helvella* (COURTECUISE, 1994). Pertence á división Ascomycota, orde Pezizales (HAWKSWORTH et al., 1995).

O material que figura neste traballo foi maioritariamente recollido na provincia de Lugo. En Galicia é un xénero ben representado, aínda que non existen demasiadas mencións bibliográficas.

* Agrupación Micolóxica "Cogumelo". Leonardo Rodríguez, 20. 27500 - Chantada (Lugo).
e-mail: tonecho@mundivia.es

CATÁLOGO DE ESPECIES

O catálogo de especies preséntase por orde alfabética, coas indicacións da provincia, localidade, hábitat, data, recolector e uns breves comentarios nas menos comúns ou conflictivas taxonómicas. Amais figura o número de micoteca, correspondente coa da Asociación Micolóxica Cogumelo (CO). Dispónse de diapositivas de cada especie mencionada para calquera revisión ou consulta.

***Helvella acetabulum* (L.: Fr.) Quél.**

= *Paxina acetabulum* (L.: Fr.) Kuntze

LUGO: Chantada, S. Lucas, na beira da estrada baixo *Betula*, 22-III-2000, A. Paz (CO000320). Moi gregaria e abundosa nesta localización.

En Galicia foi citada anteriormente para Pontevedra (PÉREZ FROIZ, 1996) e para Lugo (BELLOT, 1951).

***Helvella costifera* Nannf.**

= *Paxina costifera* (Nannf.) Stangl

LUGO: Monforte de Lemos, en zona herbosa baixo *Populus*, xunto o río Cabe, 07-V-2000, A. Paz & membros do Grupo Micolóxico Galego (LOU-Fungi 16577)

Especie citada por primeira vez en Galicia. Algúns investigadores consideran a *H. costifera* Nannf. como moi próxima a *H. acetabulum*. (L.: Fr.) Quél. (MORENO et al., 1986). Sen embargo pensamos que se trata dun taxon ben diferenciado macroscopicamente, xa que *H. costifera* Nannf., é máis pequena e ten as costelas moi marcadas na parte externa do apotecio, chegan case á marxe, ten unha cor parda-grisácea; mentras que *H. acetabulum* (L.: Fr.) Quél. ten maior tamaño, as costelas curtas e ten unha cor parda clara, polo que deben manterse como taxons diferentes do mesmo xeito que indican DENNIS (1981) e CANNON et al.

(1985). Dificilmente se poden confundir sobre o terreno.

***Helvella crispa* (Scop.: Fr.) Fr.**

LUGO: Chantada, Ribeira de Belesar, sendeiros e nas beiras dos bosques caducifolios, 03-X-1999, A. Paz (CO991003). Especie común que fructifica a principios de outono, na Galicia interior, máis rara no litoral (SOLIÑO et al., 2000), por elo notificamos a recollida por D. Cereijo (CO001027) en Oleiros, A Coruña, baixo *Quercus robur* ó 27-X-2000, esta última trátase dunha nova cita provincial.

***Helvella elastica* Bull. ex St-Amans**

= *Leptopodia elastica* (Bull.) Boud.

LUGO: Monforte de Lemos, baixo *Populus*, xunto o río Cabe, 20-IV-2000, A. Paz (CO000420).

Trátase dunha novidade provincial, xa que anteriormente fora citada para Galicia por LOSA QUINTANA ET FREIRE, (1980).

***Helvella lacunosa* Afzel.: Fr.**

LUGO: Chantada, S. Lucas, en bosque mixto de *Pinus* e diversas caducifolias, 15-III-2000, A. Paz (CO000315). Especie común na primavera, en ocasións en outono. Chantada, Sabadelle, bosque mixto de coníferas e caducifolias, 22-IV-1999, A. Paz, este exemplar corresponde a *H. sulcata* Afzel.: Fr., aínda que a maioría dos autores consideran que se trata dunha simple forma, sen valor taxonómico propio (DENNIS, 1981).

É un taxon amplamente citado para A Coruña, Lugo e Pontevedra (SOLIÑO et al., 2000).

***Helvella leucomelaena* (Pers.) Nannf.**

= *Paxina leucomelas* (Pers.: Fr) Kuntze

PONTEVEDRA: Cangas, Barra, en pinar dunar de *Pinus pinea* e *Pinus pinaster*, 27-I-2001, D. Cereijo (CO010127).

Propia de terrenos básecos, rara en Galicia, aínda que citada por (PÉREZ FROIZ, 1996) para a provincia de Pontevedra.

***Helvella macropus* (Pers.) P. Karst.**

= *Macroscyphus macropus* (Pers.) Gray;

= *Macropodia macropus* (Pers.) Fuckel;

= *Cyathipodia macropus* (Pers.) Dennis

LUGO: Chantada, Ribera de Belesar, en bosque mixto pinus-caducifolias, 20-VI-2000, A. Paz (CO000620). Exemplares illados.

Citada anteriormente en Galicia, para a provincia de A Coruña (PÉREZ FROIZ, 1996).

***Helvella queletii* Bres.**

LUGO: Chantada, S. Lucas, na beira da estrada en mantillo de follas de bidueiros, 20-III-2000, A. Paz (CO000320).

Támén a recollemos en zonas umbrías musgosas, baixo abetos (*Abies*). Presenta unha gran variabilidade no tamaño entre os exemplares recollidos nestes dous hábitats, o que frutifica baixo bidueiras (*Betula*) ten unhas medidas de ata 8 x 5 cm, mentras que os recollidos baixo abetos (*Abies*) non superan os 3 x 2 cm.

Algúns autores como CETTO (1995) a fan sinónima de *H. solitaria* (P. Karst.) P. Karst, mentras que outros pensan que se poden separar. Co material recollido e estudiado non podemos tomar posición por un ou outro nome.

Foi citada anteriormente en Galicia para as provincias de A Coruña e Pontevedra (PÉREZ FROIZ, 1996). Trátase dunha nova cita provincial.

***Helvella spadicea* (Pers.: Fr.) Schaeff.**

= *Helvella monachella* (Scop.) Schaeff.;

= *Helvella leucopus* Pers.

LUGO: Monforte de Lemos, Baixo *Populus* en zona herbácea e areosa, xunto ó río, 22-III-2000, A. Paz (CO000322). O igual que *H. costifera*

Nannf., é moi rara en Galicia xa que está ligada a terreos básecos.

Especie citada por primeira vez para Galicia

AGRADECEMENTOS

A Miquel À. Pérez-de-Gregorio i Capella e a Dra. Marisa Castro pola revisión e o apoio recibido. Ó Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo, especialmente a Alfredo Justo, pola súa axuda na búsqueda de citas bibliográficas galegas e a David Cereijo polas exsicatas de *Helvella leucomelaena* (Pers.) Nannf. e *Helvella crispa* (Scop.: Fr.) Fr.

BIBLIOGRAFÍA

BELLOT, F. (1951). Anotaciones a la flora criptogámica gallega. *Trab. Jard. Bot. Univ. Santiago* 3: 5-9.

CANNON, P.F., HAWKSWORTH ET SHERWOOD-PIKE, M.A. (1985). *The British Ascomycotina an annotated checklist*. C.A.B. International. Londres.

CETTO, B. (1995). *I Funghi dal Vero*. vol 3. Arti Grafiche Saturnia. Trento.

COURTECUISE, R. (1994). *Les Champignons de France*. Eclectis. Paris.

DENNIS, R.W.G. (1981). *British Ascomycetes*. Cramer. Vaduz.

LOSA QUINTANA, J.M. ET FREIRE, L. (1980). Estudio de algunas especies de ascomicetos macroscópicos de la flora española. *Acta Bot. Malacitana*, 6: 53-56.

MORENO, G.; GARCÍA MANJÓN, J.L. ET ZUGAZA, A. (1986). *La guía de Incafo de los hongos de la Península Ibérica*, vol. I. Incafo. Madrid.

PÉREZ FROIZ, M. (1996). Aportación al conocimiento de los Ascomycetes de Galicia, *In Premio Galicia de Micología (1983-1991)*: 41-69 Xunta de Galicia.

SOLIÑO, A.; JUSTO, A. ET CASTRO, M.L. (2000). Recopilación bibliográfica (1850-1997) de citas Macromicológicas de Galicia II: Basidiomycota (non

Agaricales, Auriculariales, Boletales e
Cantharellales)- Ascomycota. *Mykes* 3:
1-72.